

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS
OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR**

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día 3 do mes en curso, o próximo **día 24**, en horario de **17:00 a 20:00 horas**, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado no Consello Escolar do IES. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.-Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro que figure no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal derecho corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será directo, secreto e non delegado.

b) Os modelos de papeletas da votación serán, obligatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as, por orde alfabética de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz un **1 nome** das candidatas relacionadas, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.

d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste IES anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do próximo mércores, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Ribeira, 18 de novembro de 2021
O DIRECTOR DO CENTRO,

Asdo.: José Manuel Santiago Yáñez

